



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO



## **Plan de Acción do Marisqueo**


### **ZONA 4: DENDE VALDOVIÑO ATA RIBADEO**

**Concellos de Valdoviño, Cedeira, Cariño,  
Ortigueira, Mañón, O Vicedo, Viveiro, Xove,  
Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo**




# LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO DE ESTUDO

## ZONA 4: DENDE VALDOVIÑO ATA RIBADEO




# EVOLUCIÓN DOS PUNTOS DE VERTIDO

PUNTOS DE VERTIDO SEGUNDO O SEU ESTADO (2010)



PUNTOS DE VERTIDO SEGUNDO O SEU ESTADO (2017)





Cada vez se inventarian e se emendan máis puntos.  
A tendencia debe continuar en diminuír os vertidos contaminantes

# ANALISE DA SITUACIÓN ACTUAL


PUNTOS DE VERTIDO			
Contaminantes	En investigación	Cumplen límites	TOTAL VERTIDOS
45	2	96	143

PUNTOS DE VERTIDO SEGUNDO O SEU ESTADO (2017)



# ANALISE DA SITUACIÓN ACTUAL POR CONCELLO


## Vertidos por Concello




CONCELLOS	Contaminantes	En investigación	Cumplen límites	TOTAL VERTIDOS
VALDOVIÑO	1	0	5	6
CEDEIRA	6	2	20	28
CARIÑO	2	0	6	8
ORTIGUEIRA	15	0	20	35
MAÑÓN	2	0	3	5
O VICEDO	1	0	2	3
VIVEIRO	8	0	9	17
XOVE	1	0	6	7
CERVO	2	0	6	8
BURELA	1	0	5	6
FOZ	5	0	9	14
BARREIROS	1	0	1	2
RIBADEO	0	0	4	4
<b>Total xeral</b>	<b>45</b>	<b>2</b>	<b>96</b>	<b>143</b>

# PUNTOS CONTAMINANTES

**TOTAL: 45 puntos de vertido contaminantes**



**Puntos de vertido contaminantes por Concello**



O PCV avalía tanto o número de vertidos como o seu caudal e carga contaminante asociada

# PUNTOS CONTAMINANTES



45



29

Vertidos de redes de saneamento (7) e redes de pluviais con aportes contaminantes (22)

12

Vertidos de sistemas de depuración de ARUs

4



Vertidos de orixe industrial (2 en instalaciones portuarias e 2 empresas)

# APORTES NATURAIS

As desembocaduras de aportes naturais con contaminación nas rías ou ao mar, nalgúns casos poden supor un aporte de contaminación importante a estes medios. Exemplo disto sería a **desembocadura do rego Santiago** no mar Cantábrico (praia de Arealonga) no Concello de Barreiros; dito rego recibe o vertido da EDAR de Reinante, con importantes incumprimentos. Nesta zona hai unha obra prevista.

Tamén se pode destacar a **desembocadura do rego Maguleiro** na marxe esquerda da praia da Concha en Cariño (zona de baño en mal estado nas últimas tempadas).

APORTES NATURAIS	
CONCELLOS	Contaminantes
VALDOVIÑO	0
CEDEIRA	2
CARIÑO	2
ORTIGUEIRA	0
MAÑÓN	0
O VICEDO	1
VIVEIRO	1
XOVE	0
CERVO	0
BURELA	0
FOZ	0
BARREIROS	4
RIBADEO	0
<b>Total xeral</b>	<b>10</b>





# MEDIO RECEPTOR

Nombre de la masa de agua	Concellos limitrofes con la masa de agua	VALORACION DATOS 2010-2013		VALORACION DATOS 2014-2016	
		Cumplimiento ley de aguas	Cumplimiento directiva de zonas de baño	Cumplimiento ley de aguas	Cumplimiento directiva de zonas de baño
A Mariña Este	Ribadeo, barreiros, Foz y Burela	Si	No	Si	Si
Masma (Ría de Foz)	Barreiros y Foz	No	Si	Si	Si
A Mariña Centro	Cervo y Xove	Si	No	Si	Si
A Mariña Oeste	Xove, Viveiro y O Vicedo	Si	Si	Si	Si
Landro (Viveiro)	Viveiro	No	NA	Si	NA
Sor (O Barqueiro)	O Vicedo y Mañón	No	Si	Si	Si
Costa Ártabra	Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón y Ferrol	Si	No	Si	No
Mera (Ortigueira)	Ortigueira y Cariño	Si	Si	Si	Si
Porto do Cabo	Valdoviño	No	NA	Si	NA
Frouxeira	Valdoviño	Si	Si	Si	Si



# ATENCIÓN DE ALERTAS POR VERTIDO


## Amplio dispositivo por una alerta de un particular por vertidos en Arealonga, Barreiros

La depuradora de San Miguel no puede tratar los residuos



## Nueva denuncia por vertidos en la playa de Arealonga, Barreiros

Las últimas semanas ha habido dos movilizaciones de vecinos y bañistas alertando de los vertidos





**Plan de Acción do Marisqueo**  
**ZONA 4: dende Ribadeo ata Valdoviño**


14 de setembro de 2017





## 4. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN ATA A ACTUALIDADE

### a) Evolución dos puntos de vertido



Dende o ano 2010 ata a actualidade, obsérvase que:

- Aumenta o rexistro de novos puntos, ao continuar as labores de seguimento.
- Incrementábase notoriamente a porcentaxe de puntos emendados ou que a data de hoxe presentan ausencia de contaminación. Concretamente, pasouse de 19 vertidos libres de contaminación dun total de 71 (27 %) en 2010, a 96 de 143 (un 67 %) na actualidade, moitos deles emendados froito das actuacións levadas a cabo.
- Tamén cómpre indicar que descendeu notoriamente, dende o ano 2010, a cifra dos puntos de vertido catalogados como “en investigación”, correspondentes maioritariamente a focos con indicios contaminantes pendentes de toma de mostra, pasando de 18 puntos de 71 no ano 2010 (25,35 %) a unicamente 2 de 143 actualmente (1,39 %).
- Por último, respecto aos puntos de vertido contaminantes, incrementouse o número pola presión inspectora realizada, se ben redúcese de forma moi importante a porcentaxe que supón respecto ao total de puntos inventariados pasando dun 48% a un 32%.

### b) Situación actual

Respecto á problemática existente a data de hoxe nos Concellos agrupados nesta zona, nos que se identifican 45 puntos de vertido con presenza constatada de emisións contaminantes, a maior parte corresponden a **puntos de vertido de redes de saneamento (7) ou de redes de pluviais con aportes contaminantes (22)**, de



titularidade municipal. Así, **detéctanse a data de hoxe 29 focos** con esta tipoloxía. Para estes puntos de vertido, estase a traballar levando a cabo campañas periódicas cos titulares, co obxecto de identificar as deficiencias causantes da contaminación nas redes, ou as posibles solucións para aqueles puntos nos cales os aportes contaminantes xa foron identificados.

Por outra banda, detéctanse **12 puntos de vertido de sistemas** de depuración de augas residuais urbanas que presentan deficiencias no seu funcionamento e/ou dimensionamento e non acadan o cumprimento dos valores límite de referencia establecidos. Para estes puntos de vertido, realízanse inspeccións periódicas dando traslado a Augas de Galicia e aos Concellos titulares dos resultados obtidos en ditas inspeccións. O Departamento de Explotación de Depuradoras de Augas de Galicia e o Departamento de Obras de Augas de Galicia, xunto aos Concellos titulares e explotadores das plantas de depuración, traballan na medida do posible para dar solucións a problemática existente neste contexto. Neste senso, nos últimos anos completouse a obra da EDAR de Cervo-San Cibrao, que xa se atopa en funcionamento e algunha actuación para implantación de melloras ou construción de novas EDARUs na zona está pendente de licitación (como por exemplo “Saneamento de Celeiro e mellora da EDAR de Viveiro”).

Os 4 puntos de vertido restantes contaminantes, teñen orixe industrial; dous deles estarían en instalacións portuarias, e outros dous corresponden a empresas de acuicultura. Para os puntos localizados no ámbito portuario, realízanse inspeccións cos técnicos de Portos de Galicia, co fin de localizar a orixe da contaminación e levar a cabo as oportunas medidas correctoras. Para os puntos procedentes de industrias, as cales contan con resolución de autorización de vertido, realízanse inspeccións periódicas en diferentes condicións, e respecto aos incumprimentos detectados nas mostraxes ou anomalías observadas durante as inspeccións, realízanse as correspondentes actuacións administrativas.

Cabe indicar que todas as instalacións industriais, son obxecto de inspeccións periódicas por parte do Plan de Control de Vertidos, tanto as sinaladas anteriormente e nas cales se detectaron incumprimentos, como aquelas que habitualmente cumpren as especificacións establecidas na resolucións.



Por outra banda, cabe indicar que os datos recollidos na presentación fan referencia aos puntos de vertido detectados en DPMT, pero non ás desembocaduras de aportes naturais con contaminación no mar, existindo 10 nesta zona, que nalgún caso poden supor un aporte de contaminación importante. Exemplo disto sería a desembocadura do rego Santiago no mar Cantábrico no Concello de Barreiros (na praia de Arealonga); dito rego recibe o vertido da EDAR de Reinante, con importantes incumprimentos no vertido respecto aos valores de referencia e aporte de contaminación ao medio. En dita zona está tamén prevista unha obra de Augas de Galicia, dunha “Nova EDAR de San Miguel de Reinante”. Outro exemplo sería a desembocadura do rego Maguleiro na marxe esquerda da praia de A Concha en Cariño, catalogada como de calidade insuficiente segundo a clasificación de Sanidade.

### **c) Obras hidráulicas**

Nesta zona leváronse a cabo nos últimos anos (dende 2015), están en execución ou proxectadas unha serie de obras hidráulicas que afectan a algúns dos puntos de vertido inventariados catalogados como prioritarios:

- “*Obra EDAR de Cervo*” obra finalizada a data de hoxe, que recolleu parte do saneamento da zona, que antes era vertido ao mar.

As seguintes son obras pendentes de licitación que darán lugar á mellora das EDARs e do saneamento da zona:

- “*Saneamento e depuración en O Baleo. Ortigueira*”
- “*Saneamento de Celeiro e mellora da EDAR de Viveiro*”
- “*Mellora do sistema de saneamento de Burela*”
- “*Conducións xerais e nova EDAR de Foz*”
- “*Nova EDAR de San Miguel de Reinante*”